

## Varia

# Alocución sobre o concepto de arraiano: palabras non fatalistas ditas nun tempo de miseria e de oprobio (Celanova, 31 de agosto de 2012\*)

**Xesús ALONSO MONTERO**

Presidente da Real Academia da Galega

Para Francisco Fernández Buey, mestre grandioso no pensamento e na acción antes e despois de 1975, “compañero del alma, compañero”

Miñas donas e meus señores:

Eu, que nunca residín á beira dunha raia política ou administrativa, son, desde hoxe, “arraiano maior”. Así pois, sen ser “arraiano”, nin sequera “menor”, na data de hoxe circunstancias un pouco estrañas, en principio, convértenme en “arraiano” e, por se fose pouco, en “arraiano maior”. O premio case me obriga a vir con máis frecuencia ás terras máis extremas, aquelas que extreman co Portugal raiano, e desde elas manter un diálogo sen fronteiras co P. Fontes e co escritor Bento da Cruz, un diálogo, “mutatis mutandis”, como o que mantén, desde hai tres anos, un intelectual como Xosé Luís Méndez Ferrín, tan enraizado nestas terras do norte da Raia. Estoume a referir, miñas donas e meus señores, ós ilustres cidadáns coroados con este loureiro nas tres primeiras edicións: loureiro que está en moi boas mans.

Levo una chea de días, coas súas noites, cavilando por que eu, alleo ó universo físico arraiano, recibo esta condecoración. Comunícolles que onte mesmo batín cunha idea que quizais foi tida en conta polos ideadores deste premio e responsables deste acto. A idea ten que ver coa “raia”, pero cunha “raia” tan delgada e sutil que nin sequera se ve, nin sequera é tanxible. Trátase, en realidade, dunha raia espiritual, dunha raia que moitos, ó longo dos anos, atopan

no mapa moral da súa existencia, no territorio intanxible da súa actividade ideal. Esas raiais existen, dun xeito moi especial, para aqueles seres humanos que, cunha clara conciencia cívica, reparan na fronteira –na raia– que separa a legalidade da ilegalidade. Antes do 20 de novembro de 1975 –a data na que morreu Atila, un deles– o territorio que se abría máis alá da raia, o territorio da ilegalidade, era inmenso, tan inmenso como perigoso, pero nese dilatado territorio florecía a decencia civil, que un contemplaba, comprimido e admirado, desde o lado de acá da raia, desde a estreita e beocia legalidade, un mapa mísero e indigno.

O tempo era tan menesteroso que, se un avantaba a raia, era extremadamente difícil e arriscado camiñar un ou dous metros; ás veces, catro centímetros xa era moito, en ocasións, demasiados. Xa de volta á legalidade, avanzando a raia en sentido contrario, un regresaba confortado, pois viña, viaxeiro con sorte, do mapa da decencia, do mapa no que era preciso construír unha legalidade menos inhumana e, nun impreciso futuro, moito máis xusta. Pero, unha e mil veces, os viaxeiros, despois de avanzaren a raia, non regresaron. A decencia tiña un prezo, un alto prezo acotío. Por cruzarmos a raia, os intérpretes da Lei e os seus xendarmes eran capaces das maiores vilezas. Pero a raia, señoras

---

\* Día en que Xesús Alonso Montero recibiu o premio de “Arraiano maior” na súa 4ª edición.

e señores, estaba aí, diante de nós, á beiriña de nós, tentándonos para que a avantásemos e fixésemos, máis alá dela, incursións no territorio da ilegalidade, que era o da decencia. Os viaxeiros sabían que cruzar a raia implicaba, moitas veces, caer nas poutas dos estúrdigos funcionarios da alfándega, porque para estes funcionarios os arriscados viaxeiros traficaban co contrabando que máis os alporizaba: levaban no seu fardel de contrabandistas unha música prohibida, unha canción que cantaran en coro, na primavera do 36, estas catorce voces, algunhas procedentes das terras que hoxe nos acollen: a de Castela, a de Roberto Blanco Torres, a de Manuela Sánchez, a de Xaime Quintanilla, a de Carmen Fernández Seguí, a de Luís Soto, a de Alexandre Bóveda, a de María Miramontes, a de Luís Seoane, a de Manuel Estévez Gómez, a de Juana Capdeville, a de Manuel Gómez del Valle, a de Josefa García Segret e a de Celso de Poulo. Os ousados viaxeiros avantaban a raia, arriscando a vida, por oíren esta canción. Era tal a maxia deste orfeón e a riqueza da súa polifonía que se sabe, hoxe, que algúns tolos alfandegueiros sucumbiron, engaiolados, ante a súa grandeza.

\*\*\*

Cando morre Atila, o noso país experimenta importantes cambios secundarios, razón pola cal as raías seguen a existir, quizais un chisquiño menos nítidas. Trinta e sete anos despois da cobizada defunción hai, en efecto, una raia que separa o territorio da decencia do da indecencia. Territorio este inmenso e poboado por xentes e feitos que, aínda fóra da Lei, impoñen os seus privilexios, a súa concepción das cousas e a súa práctica depredadora. A un lado da raia está un sánchez andaluz calquera que é alcalde dunhas cantas ducias de veciños, e ó outro lado da raia está unha condessa, baronesa ou duquesa (perdoen a miña imprecisión en títulos nobiliarios). A baronesa –quizais condessa ou duquesa– aca para a atención e a admiración de centos e centos de horas de televisión incluso antes de que o Virrei de Andalucía condecorase as súas inutilidades coa Medalla de Ouro do seu Virreino. O condecorador militaba nunha sigla aparentemente antiaristocrática. Ninguén no imperio da Televisión fixo referencia nesas datas ós miles e miles de zapateiros honrados e xornaleiros sen xornal que merecían, ademais de pan e traballo, o Ouro desa medalla. Pouco antes, en Galicia, un fascista non arrependido, Luís Moure

Mariño, era condecorado coa Medalla Castela, medalla que, *ipso facto*, se converteu nunha chapa de folladelata oxidada.

É certo que, despois de 1975, estas cuestións e estas concepcións poden denunciarse nos foros minoritarios ós que asisten unhas cantas ducias de persoas apelidadas sánchez, previamente convencidas de que a Administración e a Televisión movilizan o seu entusiasmo para semisacralizaren o universo mental e moral dos Moures e, sobre todo, das Baronesas ou Condesas. É certo, sen dúbida, que, despois de 1975, vivimos nunha legalidade que non penaliza estas denuncias con tal de que se faga en foros moi universitarios, case clandestinos. Nesta legalidade, a megafonía constante e implacable está ó servizo das Baronesas ou para execrar a actitude dos sánchez, eses farrapentos da historia que nin os xuristas saben se vulneran a Lei aínda que todos estamos convencidos de que pensan e actúan dentro dos límites das raías da decencia cívica.

Coa megafonía na man, case en exclusiva, os poderosos, os banqueiros, as duquesas, os moures, as andreitasfabra, os guillermoscollarte e os monarcas elefantocidas están a trazaren no mapa de Andalucía e de Galicia, no mapa de Europa, no mapa do mundo enteiro, raías novas, raías insospeitadas, raías inquietantes que son un desafío político –un desafío moral– para todos os que queren que non lles rouben o seu pan, o seu traballo e a súa pequena autonomía de dignidade. Cómpre, pois, examinar esas novas raías e avantalas coa Lei da decencia no corazón e coa bandeira bermella dunha nova concepción da vida e da sociedade.

En opinión dun arraiano universal, o poeta Celso Emilio Ferreiro, esa sociedade existiu algunha vez:

No tempo aquí

[...]

Cando os animais falaban  
os homes cantaban nos solpores  
pombas de luz e xílgaros de soños.  
Decir teu o meu, non se entendía,  
decir espada estaba prohibido,  
decir prisión somente era unha verba  
sin senso, un aire que mancaba  
o corazón da xente.

O poeta titulou este poema “O reino”, pero nós chamáremoslle a ese soño, realizable, República.